



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **23 de novembro de 2021** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

V.- Expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Ampliación de Montes Baixos de Bascois, Carballeda e Santa Cruz", a favor da CMVMC de Bascois, Carballeda e Santa Cruz, no Concello de Carballeda de Valdeorras. Acoden en representación dos veciños Cesáreo Ramos Gómez e Rubén Fernández Fidalgo.

Durante a tramitación do expediente varios interesados presentaron escrito de alegacións no que reclaman a propiedade da parcela 1650 do polígono 27. En proba do seu dereito presentaron unha hijuela así como unha copia dun xustificante de pago de impostos ante a Axencia Tributaria de Galicia.

En relación con esta parcela, o Xurado Provincial entenden que existen dúbidas sobre a propiedade da mesma, polo que acorda non incluíla no acordo definitivo de clasificación. Así mesmo, os comparecentes comunican que non se opoñen a súa exclusión.

Por outro lado, a parcela 632 do polígono 30, incluída no acordo de inicio de clasificación, aparece catastralmente a nome dos veciños de Robledo. Non obstante, dita parcela non está incluída nos terreos clasificados do MVMC "Montes Baixos de Robledo II", polo que o Xurado acordou incluíla no acordo de clasificación.

O Xurado comunica aos comparecentes a súa decisión de acordar a clasificación do monte, coa exclusión da parcela 1650 do polígono 27.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

Luis Jorge Álvarez Ferro



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 3 de febreiro de 2022, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Montes Baixos de Bascois, a favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bascois, Carballeda e Santa Cruz, nas parroquias de Carballeda e Santa Cruz, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2021, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ampliación de Montes Baixos de Bascois, a prol da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Bascois, Carballeda e Santa Cruz, nas parroquias de Carballeda e Santa Cruz, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 22 de marzo de 2019, tivo entrada no Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da CMVMC de Bascois, Carballeda e Santa Cruz, no que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Ampliación de Montes Baixos de Bascois.

Segundo. Con data do 25 de novembro de 2020, o Xurado Provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.



Terceiro. Durante a tramitación do expediente varios interesados presentaron un escrito de alegacións en que reclaman a propiedade da parcela 1650 do polígono 27. En proba do seu dereito presentaron unha partilla así como unha copia dun xustificante de pagamento de impostos ante a Axencia Tributaria de Galicia.

En relación con esta parcela, o Xurado Provincial entende que existen dúbidas sobre a súa propiedade, polo que acorda non incluíla no acordo definitivo de clasificación. Así mesmo, os representantes do monte comunicaron na reunión do Xurado Provincial de MVMC do día 23 de novembro de 2021 que non se opoñen á súa exclusión.

Por outro lado, a parcela 632 do polígono 30, incluída no acordo de inicio de clasificación, aparece catastralmente a nome dos veciños de Robledo. Non obstante, a dita parcela non está incluída nos terreos clasificados do MVMC Montes Baixos de Robledo II, polo que o Xurado acordou incluíla no acordo de clasificación.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Ampliación de Montes Baixos de Bascois, Carballeda e Santa Cruz.

Superficie: 41,82 ha.

Pertenza: CMVMC de Bascois, Carballeda e Santa Cruz.

Parroquias: Carballeda (San Vicenzo) e Santa Cruz (Santa Cruz).

Concello: Carballeda de Valdeorras.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Predio 1:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado por un camiño correspondente á parcela coa referencia catastral 32018A02909005.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A02900938 32018A03000632	Norte	32018A03000358, 32018A03000352, 32018A03000350, 32018A02909005
	Leste	32018A02900922, 32018A02900923, 32018A02901045,
	Sur	32018A02900864, 32018A02900876, 32018A02900875, 32018A02900877, 32018A02900878

CVE-DOG: qnr9glf0-82d8-0xy0-7jj7-0ghqw3cilkj8



Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
	Oeste	32018A02909004, 32018A02901041, 32018A02901044, 32018A02901042, 32018A02901043, 32018A02909005, 32018A03000682, 32018A03009001
	Encravado	32018A03000353

Predio 2:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado polos camiños correspondentes ás parcelas coas referencias catastrais 32018A02909020 e 32018A02909003.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A02900987 32018A02900988 32018A02900936 32018A03901519	Norte	32018A02909020, 32018A02900790, 32018A02900789, 32018A02900788, 32018A02900935, 32018A02909019, 32018A02900714
	Leste	32018A02900728, 32018A02900727, 32018A02900726, 32018A02900725, 32018A02900724, 32018A02900723, 32018A02900704, 32018A02900707, 32018A02900709, 32018A02900710, 32018A02900711, 32018A02900712, 32018A02900713, 32018A02909020, 32018A02900708, 32018A02900702, 32018A02900700, 32018A02900697, 32018A02900692, 32018A02900689, 32018A02900688, 32018A02909003, 32018A03901241, 32018A03901240, 32018A03901239, 32018A03909011, 32018A03901224, 32018A03901681, 32018A03901682, 32018A03901683, 32018A03901660
	Sur	32018A03909012, 32018A03901225, 32018A03901229, 32018A03901230, 32018A03901231, 32018A03901233, 32018A03901235, 32018A03901236, 32018A03901237, 32018A03901333, 32018A03901334
	Oeste	32018A03901335, 32018A03901337, 32018A03901608, 32018A03901252, 32018A03901251, 32018A03901250, 32018A03901259, 32018A03901258, 32018A03901257, 32018A03901249, 32018A03901248, 32018A03901247, 32018A03901246, 32018A02909003, 32018A03901245, 32018A03901242, 32018A02900787, 32018A02900786, 32018A02900785, 32018A02900784, 32018A02900781, 32018A02900950
	Encravados	32018A03901243, 32018A03901244



Predio 3:

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A03901521	Norte	32018A03901338, 32018A03901339, 32018A03901340, 32018A03901341
	Leste	32018A03901456, 32018A03901445, 32018A03901444, 32018A03901443, 32018A03901442, 32018A03901441, 32018A03901440, 32018A03901439, 32018A03901523
	Sur	32018A03901342, 32018A03901343, 32018A03901344, 32018A03909023, 32018A03909024
	Oeste	32018A03909011, 32018A03901325, 32018A03901327
	Encravado	32018A03901638

Predio 4:

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A03901698	Norte	32018A03909013
	Leste	32018A03901528, 32018A03901426, 32018A03901425, 32018A03901422
	Sur	32018A03909023, 32018A03901430, 32018A03901431, 32018A03901429, 32018A03901428, 32018A03901427, 32018A03901433, 32018A03901434
	Oeste	32018A03901527, 32018A03901437, 32018A03901696, 32018A03901695, 32018A03901435

Predio 5:

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A03901719	Norte	32018A03901189, 32018A03901188, 32018A03901187, 32018A03901186, 32018A03901185
	Leste	32018A03901145, 32018A03901146, 32018A03901148, 32018A03901149, 32018A03901175, 32018A03901174, 32018A03901173, 32018A03901172, 32018A03901171, 32018A03901170, 32018A03901097, 32018A03901093, 32018A03901094, 32018A03901096, 32018A03901095, 32018A03901488
	Sur	32018A03909020, 32018A03901486, 32018A03900678, 32018A03901718, 32018A03901717, 32018A03901716, 32018A03901715, 32018A03901714, 32018A03901713, 32018A03901712, 32018A03901711, 32018A03901710, 32018A03909023
	Oeste	32018A03901420, 32018A03901423, 32018A03901424, 32018A03901425, 32018A03901528



Predio 6:

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A04300382	Norte	32018A03009002, 32018A04300306, 32018A04300307, 32018A04300304, 32018A04300305, 32018A04300309, 32018A04300308, 32018A04309011
	Leste	32018A04300373
	Sur	32018A04300078, 32018A04300077, 32018A04300421, 32018A04300320, 32018A04300319, 32018A04300318, 32018A04300317, 32018A04300315, 32018A04300373, 32018A04300314, 32018A04300312, 32018A04300311, 32018A04300310, 32018A04300301, 32018A04300303, 32018A04300422, 32018A04300302, 32018A04300300, 32018A04300299, 32018A04300296, 32018A04300295, 32018A04300294, 32018A04300293, 32018A04300292, 32018A04300291
	Oeste	32018A04309002

Predio 7:

Estes terreos incluídos na solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, aínda que está atravesado polos camiños correspondentes ás parcelas coas referencias catastrais 32018A03909027, 32018A03909029 e 32018A03909028. Localízase no perímetro estremeiro do MVMC Montes Baixos de Bascois, Carballeda e Santa Cruz citado no antecedente 1, de acordo co esbozo incluído na carpeta-ficha unida ao expediente de clasificación. Debido á pouca precisión deste, non é posible determinar se parte das parcelas solicitadas poderían considerarse xa incluídas neste MVMC.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencias catastrais	Lindeiros	Referencias catastrais
32018A03901530 32018A03901671 32018A03901494 32018A03901668 32018A03901495 32018A03901499	Norte	32018A03909025, 32018A03909023, 32018A03909028, 32018A03900407
	Leste	32018A03909002, 32018A03909003
	Sur	32018A03909004, 32018A03909005, 32018A03909006
	Oeste	32018A03909007

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal



carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Ampliación de Montes Baixos de Bascois, a favor da CMVMC de Bascois, Carballeda e Santa Cruz, nas parroquias de Carballeda e Santa Cruz, no concello de Carballeda de Valdeorras (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-ad-




ministrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 3 de febreiro de 2022

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: qnr9glf0-82d8-0xy0-7jj7-0ghqw3cilkj8






 Terreos clasificados polo Xurado Provincial

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Expediente de clasificación do MVMC "Ampliación de Montes Baixos de Bascois, Carballeda e Santa Cruz", no T.M. de Carballeda de Valdeorras



ESCALA:
1:8000
DATA:
Novembro 2021

Sistema de referencia ETRS89
Coordenadas UTM
Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:
PNOA 2020
+
Catastro